

Bugallo continuará coa recuperación da memoria histórica tras 2006

ABC

SANTIAGO. Ánxela Bugallo afirmou onte, no acto central do Ano da Memoria, á Homenaxe Nacional ás Vítimas da Represión Franquista que tivo lugar na illa de San Simón, que «o noso traballo non vai ser flor dun ano, non vai rematar cando o mes de decembro chegue o seu fin. Pasamos moito tempo de silencio e sabemos que non chegarán 365 días para que os nosos obxectivos se convirtan en realidade».

Unhas 600 persoas, entre familiares e vítimas ou represaliados e asociacións pola memoria asistiron a este acto no que Bugallo fixo fincapé en que a investigación que están a levar a cabo as tres universidades galegas, dirixidas polo catedrático Lourenzo Fernández Prieto, continuará para clarear todo os crimes acontecidos do 1936 ao 1977. Tamén subliñou que o Consello da Memoria, presentado onte, terá entre as súas funcións continuar con este traballo coma órgano asesor da Consellaría.

Dez persoas son as que forman parte deste Consello, todas elas escollidas polas asociacións de recuperación de memoria. O seu cometido, ademais de asesorar, será colaborar cos programas que se deseñen institucionalmente, servir de interlocutor directo entre o mundo asociativo e a administración, presentar iniciativas encamiñadas á recuperación da nosa memoria, avaliar as decisións políticas tomadas ao respecto e impulsar novas accións de goberno, entre outras.

Placa conmemorativa

Como testemuño desta homenaxe, descubriuse unha placa conmemorativa dedicada a todas as persoas que padeceron represión en Galiza. Según Bugallo a acción ten un obxectivo claro «facer visibles, escoitar e ecoar todos os nomes, todas as inxustizas, todos os crimes nunca castigados, todos os mártires que nunca foron homenaxeados. Hora é xa de reparar a inxustiza. Sabemos que chegamos tarde, por eles e por elas estamos hoxe aquí, porque non podemos nin queremos ter o noso futuro hipotecado por un pasado oculto».

A conselleira resaltou o éxito do Ano da Memoria e agradeceu ás asociacións o seu traballo por «recuperar tanto tempo perdido, por dignificar ás vítimas e condenar ós criminais». «Refírome a moitos investigadores que abriron brecha, que levantaron arquivos, que buscaron as testemuñas para recoller as súas voces, que denunciaron co seu traballo o silencio e que contribuíron a que a verdade se fora coñecendo», rematou.

A exiliada Mariví Villaverde, Isaac Díaz, e Concha Nogueira, filla de dous asasinados no bou «Eva», foron outros dos asistentes ó acto.